

Doce recendo

Da mesma forma que arrecenden os doces na pastelaría “O Paraíso”, así olen de ben as verbas nunha das últimas entregas coas que Agustín Fernández Paz agasalla aos seus lectores. Neste caso a colección “Tucán” de Edebé-Rodeira alberga a novela *A pastelaría de dona Remedios*. A ilustración a cargo de Mabel Piérola achega ao texto a frescura dos grandes sentimentos, do enfado, do consello e do mal fado que semella apoderarse do establecemento o último xoves de cada mes, a través do trazo limpo e sinxelo que nos recorda as figuras dos contos tradicionais.

“O Paraíso” é o nome da pastelaría de dona Remedios, una tenda de barrio á que acoden non só a xente da cidade, senón tamén persoas de lugares afastados, sabedoras da exquisitez do produto que aquí se fai. Mais como non todo vai ser ledicia unha vez ao mes e dende hai xa algún tempo, algo fatídico sucede e parte da produción do día acaba no lixo e con el horas e horas de traballo. Será casualidade ou non, mais tal fado coincide coa visita da irmá de dona Remedios e do seu fillo Luís que nun exercicio de integridade asegura non ter nada que ver co que pasa.

Sinxela e entrañable



MARÍA NAVARRO



A historia sinxela e entrañable apunta directamente aos sentidos dos máis pequenos enchendo de imaxes, sabores, olores, texturas e sons as páxinas

dun libro que capta a atención dende as primeiras liñas e consegue comezar a facer lectores capaces de interpretar expresións e situacións, de ler entre liñas e sacar conclusións. E aquí reside precisamente a xenialidade da literatura, facer da

vida cotiá un acontecemento extraordinario, poñer de relevo nobres sentimentos como as relacións fraternais, adoza a vida con pingas de humor e ironía e salientar que nos actos máis sinxelos podemos atopar a felicidade.

A isto unimos una forma de contar aparentemente simple, pero tremendamente elaborada e coidada, para falarlles aos rapaces na súa linguaxe e ofrecerlles ao mesmo tempo todo o rigor lingüístico que o texto precisa se falamos en termos de calidade.

Trátase, daquela, dunha novela que no contido e na forma prende o corazón dos máis pequenos e honra o comportamento dos maiores. Vaia acerto!

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, A pastelaría de dona Remedios, Ed. Rodeira, A Coruña, A Coruña 2008, 60 páxinas.